

16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

16.1 CONSTITUCIÓN DO DO

O Departamento de Orientación, está composto por un mestre de Pedagogía Terapéutica, a titora do ámbito científico-tecnolóxico, a titora do ámbito sociolingüístico, a xefa do departamento e as xefas dos departamentos de orientación dos centros adscritos.

Ante o novo curso escolar 2022/23 constituíuse o Departamento de Orientación a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, cos seguintes membros:

Composición do Departamento de Orientación curso 2019/2020	
Xefatura do departamento de orientación	M ^a Leticia Recio Varela
Profesor especialista en Pedagogía Terapéutica	Aurelio Sánchez Fernández
Profesor titor do ámbito socio-lingüístico	Sofía López Rey
Profesor titor do ámbito científico-tecnolóxico	Rebeca García

Tódolos membros do departamento de orientación farán unha *reunión con carácter mensual* co fin de coordinar as actuacións entre os distintos centros, ademais daquelas de carácter extraordinario que se consideren necesarias. No horario da Xefa do Departamento de orientación, a orientadora terá dúas horas á semana de coordinación cos titores da E.S.O.

Trimestralmente, reuníronos os membros do DO e a xefatura dos departamentos de orientación do CEIP Xulio Camba e o CEIP Viñagrande, centros adscritos ao noso IES.

Con respecto á coordinación externa, co fin de asegurar a coordinación entre o Departamento e as diferentes institucións do entorno (institutos adscritos y da zona, institucións sanitarias, servizos sociais, servizos de emprego, empresas....) manteremos contactos periódicos conforme vaian xurdindo necesidades ou conforme vaíamos desenvolvendo as actuacións programadas.

Ao remate do curso académico a xefatura do departamento de orientación, redactará unha memoria na que se recollan as modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do Plan; a valoración do grao de consecución de obxectivos establecidos; a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel; e as conclusións e propostas concretas de mellora.

16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

O IES "A Basella" de Vilanova de Arousa, ten unha localización costeira, na capital do concello, no lugar de A Basella. Este concello vive principalmente do mar e da agricultura. En xeral, os postos de traballo que se poden dar na zona son de baixa cualificación e pouca retribución (na maioría fábricas conserveiras que ofertan traballo de temporada).

É un centro de titularidade pública que escolariza ao alumnado de secundaria do propio concello (procedente de seis parroquias nas que se distribúe o municipio: Vilanova, Caleiro, San Miguel de Deiro, Tremoedo, Andrés e Baión). Así mesmo, acolle alumnado da Illa de Arousa no caso dos estudos de bacharelato.

O centro **oferta a etapa da ESO e Bacharelato**, có seguinte alumnado escolarizado no curso 2022-2023:

ETAPA	GRUPOS
ESO	1ºESO: 3 liñas. Total: 59 alumnos/as
	2ºESO: 3 liñas. Total: 60 alumnos/as
	3ºESO: 2 liñas. Total: 57 alumnos/as
	4ºESO: 2 liñas. Total: 52 alumnos/as
BAC	1º BAC: 3 grupos. Total: 74 alumnos/as
	2º BAC: 3 grupos. Total: 80 alumnos/as

Respecto ás características do noso alumnado temos que sinalar que nos atopamos con grupos numerosos e con grandes diferencias de niveis

académicos, isto leva a adoptar unha serie de medidas de atención á diversidade respecto ás que o departamento de orientación debe velar, en colaboración coa Xefatura de Estudos, polo seu bo funcionamento.

En canto a estas medidas, aplicaremos en primeiro lugar as de tipo ordinario, seguido das medidas extraordinarias no caso de que as primeiras resulten insuficientes. No Plan Xeral de Atención á Diversidade do noso centro están recollidas todas as medidas de atención á diversidade (MAD) ordinarias e extraordinarias que contemplamos.

Á vista da memoria o curso anterior, das actas de sesión de avaliación e información intercambiada entre as orientadoras dos centros adscritos contamos con alumnado con NEAE repartido entre os distintos cursos do ensino secundario fundamentalmente.

Neste sentido podemos sinalar as seguintes NEAE ás que daremos resposta a través das distintas medidas de atención á diversidade, tendo en conta a flexibilidade desta detección inicial, podendo xurdir novas necesidades ao longo do curso ás que tamén daremos resposta:

- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE), entendidos como aqueles que afrontan barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe derivadas de discapacidade, trastornos graves de conduta, da comunicación ou da linguaxe, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, que require de determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenvolvemento.
- Retraso madurativo.
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
- Trastornos da atención e da aprendizaxe.
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
- Atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa.
- Altas capacidades intelectuais.
- Por incorporarse tarde ao sistema educativo.
- Por condicións persoais ou de historia escolar.

Para dar resposta a estas necesidades, contamos coas seguintes MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE recollidas no PXAD, a partir do lexislado no Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade na nosa Comunidade Autónoma, e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

Medidas Ordinarias de atención á Diversidade:

- Adecuación organizativa do centro e da aula
- Adecuación das programacións ás circunstancias do alumnado e o entorno.
- Fomento do emprego de metodoloxías baseadas en traballos colaborativos
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- Aulas de atención educativa e convivencia
- Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular
- Plan de reforzo para alumnado que promocioe con materias sen superar
- Plan específicos persoalizado para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

Medidas extraordinarias

- Adaptacións Curriculares.
- Agrupamentos flexibles
- Apoio do profesor especialista en PT
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Programas de Diversificación Curricular
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular
- Atención educativa a xoves embarazadas

Outras medidas:

- Exención da segunda lingua estranxeira
- Exención da cualificación da materia de Lingua e Literatura Galega

16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

No tocante ás **Medidas de Atención á Diversidade, para o curso 2022/2023**, contamos, a parte da adaptación do Proxecto educativo e das programacións de aula as características do alumnado e do entorno na totalidade dos cursos, así como a promoción de metodoloxías baseadas en traballos colaborativos, seguindo os principios do Deseño Universal para o Aprendizaxe, e a Aula de Convivencia, temos presente por curso os seguintes:

1º ESO

- Exención da segunda lingua estranxeira e programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas, concretamente nas linguas.
- Reforzo do profesor especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Reforzo específico por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Seguimento tutorial e familiar e apoio específico do profesorado das distintas materias seguindo os protocolos correspondentes (TEA, TDAH, dificultades de aprendizaxe...) para o alumnado deste nivel.
- Plans específicos de recuperación para alumnado que quede un ano máis no mesmo curso.
- Adaptacións curriculares.

2º ESO

- Exención da segunda lingua estranxeira e programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas concretamente nas linguas.
- Reforzo do profesor especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Reforzo específico por parte dos profesores/as das distintas materias.
- Seguimento tutorial e familiar e apoio específico do profesorado das distintas materias, seguindo os protocolo correspondentes (TEA, TDAH, dificultades de aprendizaxe...) para o alumnado deste nivel.
- 1 alumno con adaptación curricular.
- Plans de recuperación para o alumnado que promociona con materias sen superar.
- Plans específicos de recuperación para alumnado que quede un ano máis no mesmo curso.

3º ESO

- Reforzo específico por parte dos profesores/as das distintas materias.
- Seguimento tutorial e familiar e apoio específico do profesorado das distintas materias , seguindo os protocolo correspondentes (TEA, TDAH, dificultades de aprendizaxe...)para atender ao alumnado que temos escolarizado neste nivel educativo.
- Plans de recuperación para o alumnado que promocióne con materias sen superar.
- Plans específicos de recuperación para alumnado que quede un ano máis no mesmo curso.
- Programa de Diversificación Curricular (6 alumnos e alumnas).

4º ESO

- Seguimento titorial e familiar e apoio específico do profesorado das distintas materias, os protocolo correspondentes (TEA, TDAH, dificultades de aprendizaxe, altas capacidades...) para atender ao alumnado que temos escolarizado neste nivel educativo.
- Reforzo específico por parte do profesorado das distintas materias.
- Plans de recuperación para o alumnado que promocióne con materias sen superar.
- Plans específicos de recuperación para alumnado que quede un ano máis no mesmo curso.

O procedemento para a elaboración e seguimento das adaptacións curriculares Individualizadas no centro é o que se determina na Orde do 8 de setembro de 2021.

Procedemento para a elaboración dunha Adaptación Curricular:

- Realización dunha avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagógico por parte da Xefatura do D.O. onde constará o nivel de competencia curricular do alumno ou alumna, achegado polo profesorado das áreas susceptibles de adaptación, coordinado pola persoa titora. Dito nivel será o punto de partida. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a ZDP determinados no informe psicopedagógico.
- Convocatoria e coordinación, por parte de Xefatura de estudos, dunha reunión á cal asistirá o equipo docente e a Xefatura do D.O. onde se analizarán os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non da realización da AC e as áreas ou materias a adaptar. A xefatura do D.O. redactará e custodiará a acta desta reunión.
- Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte.

O desenvolvemento da adaptación Curricular realizarase, na medida do posible, dentro da aula ordinaria, coordinado co profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento pertinentes.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraas o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, conforme aos criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.

- Calendario de seguimento, avaliación e revisión da adaptación:

TAREFA	TEMPORALIZA CIÓN	RESPONSABLES
Avaliación inicial do alumnado con NEAE	Inicio do curso	Profesorado PT, Titor/a, profesorado da materia
Realización da avaliación psicopedagóxica ao alumnado susceptible de AC	Logo da avaliación inicial	Xefatura do Departamento de Orientación
Elaboración das adaptacións	Outubro- Novembro	Profesorado Titor, profesorado das materias ou áreas a adaptar.
Conformación do expediente de adaptación e remisión a Inspección por parte de dirección	Antes de finalizar o mes de Novembro	Xefatura do DO e Dirección
Revisión das adaptacións	Segundo o establecido na AC (sesións de avaliación)	Profesorado PT, profesorado Titor, profesorado da materia.

16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
Temporalización	Actuacións Departamento de Orientación
Setembro	Elaborar informes para as bolsas do alumnado con NEAE
Outubro	1ª Reunión trimestral cos orientadores/as dos centros adscritos e da comarca
Setembro/Outubro	Previsión de apoios de PT e revisión cando se considere necesario
Outubro	Avaliación inicial do alumnado da ESO
Setembro	Realización do Plan Anual do DO para o curso 2022/23 e a concreción anual do PXAD
Outubro/Novembro	Asesoramento ao profesorado nas diferentes MAD e na realización das AC e posterior envío a Inspección para a súa aprobación
1º trimestre	Planificación das actividades do PAT do curso 2022/23
Decembro / Xaneiro	Cumprimentar o DRDadi
2º e 3º trimestre	Desenvolvemento das Actividades de orientación académica e profesional (saídas, charlas...)
3º trimestre	Coordinación do programa de transición entre a etapa primaria e secundaria
Todo o curso	Entrevistas e atención a demandas de pais e nais do alumnado
Todo o curso	Realización das avaliacións psicopedagóxicas
Todo o curso	Atención a demandas do alumnado durante os recreos
Todo o curso	Reunións semanais co profesorado tutor e a Xefatura de estudos
Todo o curso	Reunións mensuais do Departamento de Orientación
Todo o curso	Reunións trimestrais cos orientadores/as dos centros

	adscritos e da comarca
Todo o curso	Asistencia as sesións de avaliacións do alumnado
Todo o curso	Coordinación cos Servizos Sociais de Vilanova
Todo o curso	Revisión e actualización dos documentos de centro que sexa preciso
Todo o curso	Seguimento do alumnado con MAD (reforzos, AC...) e coordinación con Xefatura de estudos, titores, profesorado das áreas e profesor de apoio
Xuño	Cumprimentar o DRDOrienta
Xuño	Realización da memoria final do DO

16.5. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAEE HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

- Xefatura do Departamento de Orientación: Leticia Recio/ Lucía Reiriz
- Profesor especialista en Pedagogía Terapéutica: Aurelio Sánchez

O alumnado con Necesidades educativas Especiais, e excepcionalmente o resto de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) será atendido polo especialista en Pedagogía terapéutica dentro da aula ordinaria, tal e como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021.

Fóra da aula ordinaria esta atención terá un carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagógico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente a ordinaria, e poderá desenvolverse con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Ao alumnado que sexa obxecto de calquera Medida de Atención á diversidade, especialmente no caso de medidas extraordinarias, realizaráselle una revisión das mesmas entre o equipo docente coordinado polo profesorado titor, o especialista de PT e a orientadora, coincidindo coas sesións de avaliación.

Dentro das funcións do profesor especialista en Pedagogía terapéutica destacamos as seguintes:

- Colaborar coa xefatura do DO na proposta de organización da docencia de apoio.
- Prestar atención docente directa ao ANEE e outro ANEAE, que en ningún caso substituirá a do profesorado tutor, nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, en colaboración co profesorado de área ou materia, segundo a orientación ou asesoramento da xefa do DO.
- Colaborar, de ser o caso, nas adaptacións curriculares do alumnado que atende, así coma no seguimento e avaliación.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou alumno a quen preste apoio.

A orientadora levará a cabo as seguintes tarefas:

- Realizar a avaliación Psicopedagóxica daquel alumnado que así sexa demandado segundo o protocolo establecido para elo no PXAD, así como a redacción do informe psicopedagóxico resultante da mesma.
- Elaborar o corresponde ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente da ordinaria e/ou recursos extraordinarios.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado con NEAE en coordinación con PT, e elevar esa proposta ao equipo Directivo.
- Asesorar ao Equipo Directivo sobre as medidas de atención a Diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

- Asesor aos departamentos didácticos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das medidas de reforzo e nas adaptacións curriculares.
- Realizar programas de habilidades e competencias sociais para o conxunto do alumnado, e para aquel que sexa derivado á aula de convivencia. Así como para o alumnado que sexa privado da asistencia ao centro por incorrer en condutas contrarias á convivencia.
- Manter reunións cos departamentos de orientación dos centros adscritos para favorecer unha transición harmónica entre etapas, especialmente no caso do ANEAE.

Para a coordinación e seguimento das medidas de atención á diversidade planificadas levaranse a cabo reunións semanais cos titores, reunións mensuais co profesorado correspondente, as reunións do Departamento de Orientación e as avaliacións trimestrais.

16.6. LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE

Neste curso 2022/2023 contamos có seguinte alumnado con NEAE que recibirá as seguintes medidas:

Alumno	Curso	DESCRIPCIÓN DAS NECESIDADES DERIVADAS DO DIAGNÓSTICO	MAD	Profesionais encargados da intervención, lugar e nº de sesións (individual/grupa I)
David A.M.	1º ESO A	Dificultades de aprendizaxe/ Déficit de atención/ Situación de vulnerabilidade socioeducativa. - PIL coas instrumentais suspensas + CC.SS.	- EXENCIÓN 2º Lingua Estranxeira - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 3 sesións P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 8 SESIÓNs
Diego A.M.	1º ESO A	Dificultades de aprendizaxe/ Déficit de atención/ Situación de vulnerabilidade socioeducativa. -	- EXENCIÓN 2º Lingua Estranxeira - RE - Apoio PT	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 3 sesións P. Ex F: 2 sesións

				(LC e LG) TOTAL: 8 SESIÓNS
Lois C.G	1º ESO A	Dificultades de aprendizaxe / Situación de vulnerabilidade socioeducativa: - PIL con áreas suspensas - Favorecer os procesos de razoamento e atención. - Atención ás necesidades asociadas ao cálculo e na resolución de problemas.	- Non promoción - APOIO PT - Exención 2ª lingua estranxeira - RE - A valorar AC	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 3 sesións P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 8 SESIÓNS
Walter Luís V.C.	1º ESO A	TEA - Dificultades nas Habilidades Sociais	- APOIO PT - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 3 sesións P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 8 SESIÓNS
Martina M.C.	1º ESO A	TDAH / trastorno negativista desafiante/ Cursos de ansiedade - Dificultades en matemáticas - Favorecer a organización	- RE - Exención 2º Lingua estranxeira	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) P.Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 8 SESIÓNS
Uxía O.P.	1º ESO A	TDAH predominio inatenta - Fatla de autonomía no traballo - Favorecer procesos de atención e razoamento.	- RE - APOIO PT	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 3 sesións TOTAL: 6 SESIÓNS
Maximin o C.C.	1º ESO B	- TDAH presentación dominante Hiperactiva/Impulsiva Moderado - Trastorno Específico da Aprendizaxe con dificultades na lectura e nas matemáticas - PIL con áreas suspensas. - Favorecer os procesos de razoamento e atención. - Atención ás necesidades asociadas ao cálculo e na resolución de problemas. - Canalizar a impulsividade - Favorecer as relación interpersoais.	- Non promoción - APOIO PT - Exención 2ª lingua estranxeira - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 2 sesión P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 7 SESIÓNS
Daniela L.C.	1º ESO B	Dificultades de aprendizaxe - Repetiu 6º EP. - PIL con materias suspensas	- Exención 2º lingua estranxeira - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 2 sesión P. Ex F: 2 sesións (LC e LG)

				TOTAL: 7 SESIÓNS
Oscar P.M.	1º ESO B	Dificultades de aprendizaxe - Repetiu 2º EP - Pasa con materias suspensas - Comportamento disruptivo	- APOIO PT - Exención 2º lingua estranxeira - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 2 sesión P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 7 SESIÓNS
Emily R.B.	1º ESO B	Procedente do estranxeiro - Dificultades de aprendizaxes - Precisa reforzo e adquisición de autonomía na xestión das tarefas	- APOIO PT - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 2 sesión TOTAL: 5 SESIÓNS
Sara A.R.	1º ESO C	Dificultades de aprendizaxe: - Precisa supervisión individual para comezar as tarefas e para manterse traballando nelas. - Ten un ritmo de traballo moi lento, ou con frecuentes interrupcións e non da rematado a tempo. - Traballo escolar desordenado, con moitos erros... - Rendemento escolar por debaixo do que podería ser. - Dificultades en comprensión xeral e razoamento e matemáticas.	- Non promoción - APOIO PT - Exención 2ª lingua estranxeira	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 5 SESIÓNS
José F.M.	1º ESO C	- TDAH presentación combinada - Dificultades de aprendizaxe con especial repercusión na lectoescritura - Traballar a atención e persistencia na tarefa - Organización/planificación/execución - Aspectos relacionados coa inquietude excesiva e a impulsividade. - Favorecer as relación interpersoais - Dificultades na lectoescritura e aspectos básicos no dominio da lingua estranxeira.	- Non promoción - APOIO PT - Exención 2ª lingua estranxeira - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 1 sesión P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 6 SESIÓNS
Noa F.P.	1º ESO C	Dificultades de aprendizaxe en lectoescritura e matemáticas - Incrementar a atención nas tarefas escolares	- APOIO PT - Exención 2ª lingua estranxeira - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 1 sesión

		- Organizar as tarefas e actividades - Favorecer os procesos de razoamento e comprensión		P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 6 SESIÓNS
Nayara M.C.	2º ESO A	Dificultades de aprendizaxe - Incrementar a atención nas tarefas escolares - Organizar as tarefas e actividades - Favorecer os procesos de razoamento e comprensión	-APOIO PT -Exención 2ª lingua estranxeira -RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC, LG e Mat) PO: 1 sesión P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 6 SESIÓNS
Marcos M.C.	2º ESO A	Dificultades de aprendizaxe / Situación de vulnerabilidade socioeducativa: - Alumno repetidor - Favorecer os procesos de razoamento e atención. - Atención ás necesidades asociadas ao cálculo e na resolución de problemas. - Incrementar a autonomía cara o traballo escolar e incidir nos hábitos de estudo e traballo. - Implicación familiar no proceso E-A	-APOIO PT -Exención 2ª lingua estranxeira -RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 2 sesións P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 7 SESIÓNS
Ivone O.S.	2º ESO A	Dificultades de aprendizaxe/ Situación de vulnerabilidade socioeducativa	- Exención 2º LE -Non promoción -Plan específico persoalizado -APOIO PT	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 5 SESIÓNS
Xisela S.L.	2º ESO A	Dificultades de aprendizaxe / Situación de vulnerabilidade socioeducativa: - Incrementar a atención nas tarefas escolares - Organizar as tarefas e actividades - Favorecer os procesos de razoamento e comprensión	-APOIO PT -Exención 2ª lingua estranxeira -RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 1 sesión P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 6 SESIÓNS
Malena María R.	2º ESO A	Incorporación tardía - Alumn(a) procedente do estranxeiro con desfasamento curricular e descoñecemento da lingua galega - Posible incorporación un curso por debaixo do actual.	-APOIO PT -Exención 2º LE -Exención LG -RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PO: 2 sesións P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 7 SESIÓNS
Iker V.F.	2º ESO A	TDAH: - Baixa tolerancia á frustración e impulsividade subxacente	-RE	PO: todas as sesións Orientadora: traballo en

		- Leves dificultades na comprensión lectora, na esfera afectiva e no razoamento matemático		habilidades sociais e mediación de conflitos.
Brais F.M.	2º ESO B	NEAE por historia escolar - reforzo positivo - organización e autonomía no estudo	- Non promoción - Plan específico persoalizado - RE	P.O: todas as sesións
Ximena R.R.	2º ESO B	Dificultades de aprendizaxe: - Dificultade nas matemáticas, baixa comprensión de diversos problemas numérico-verbais e dificultades no cálculo numérico. - Afianzamento da lectoescritura	- APOIO PT	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) TOTAL: 3 SESIÓNS
Yadira T.C.	2º ESO B	Dificultades de aprendizaxe: - Dificultade nas matemáticas, baixa comprensión de diversos problemas numérico-verbais e dificultades no cálculo numérico.	- APOIO PT - RE	PT: 1 sesión en aula ordinaria
María G.V.	2º ESO B	TDAH - Rasgos disfuncionais da personalidade (oposicionista, magnificación do negativo, demanda de atencións...). Aspectos con maior repercusión no ámbito familiar.	- RE	Seguimento titorial
Ernesto B.D.	2º ESO C	Dificultades de aprendizaxe: - Alumno repetidor - Dificultades nos procesos de razoamento e atención. - Dificultades nas materias lingüísticas (comprensión e expresión oral e escrita). - Dificultades asociadas ao cálculo. - Dificultades na resolución de problemas. - Incrementar os hábitos de estudo e traballo. - Incrementar a implicación familiar no proceso E-A	- APOIO PT - Exención 2ª lingua estranxeira - RE	PT: 3 sesións en aula ordinaria (LC e Mat) PT: 2 sesións aula de apoio PO: 1 sesión P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 8 SESIÓNS
Lara D.P.	2º ESO C	Dificultades de aprendizaxe: - Dificultades en matemáticas - Dificultades na lectoescritura e para focalizar a atención	- Exención 2ª lingua estranxeira - RE - APOIO PT	PT: 3 sesións en aula ordinaria P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 5 SESIÓNS
Iván Xiao	2º ESO C	NEAE por condicións persoais ou de	- RE - Adaptacións	PO: 3 sesións individualizadas na

M.R.		historia escolar: • Cursos pasados recibiu atención domiciliaria a través de AVA. • Atención educativa mediatizada por situación oncolóxica do irmán.	metodolóxicas	biblioteca de RE nas materias instrumentais (Linguas e Mat)
Saray V.S.	2º ESO C	Dificultades de aprendizaxe: - Dificultades en matemáticas - Dificultades na lectoescritura e para focalizar a atención	- Exención 2ª lingua estranxeira - RE - APOIO PT	PT: 3 sesións en aula ordinaria P. Ex F: 2 sesións (LC e LG) TOTAL: 5 SESIÓN

En principio o especialista en PT realizará a súa intervención co alumnado de 1º e 2º da ESO, sen descartar que se poida adaptar o seu horario para que atenda algunhas das NEAE que hai especialmente en 3º da ESO.

En 3º de ESO contamos con:

- Unha alumna diagnosticada de TEA , con adaptacións metodolóxicas, especialmente na materia de Educación Física.
- Un alumno con dificultades de aprendizaxe asociadas a Dislexia e TDAH, co cal se seguirán as recomendacións metodolóxicas dos protocolos pertinentes.

En 4º de ESO contamos con:

- 2 alumnos diagnosticados de TDAH
- 2 alumnos diagnosticados de TEA

Os 4 con adaptacións metodolóxicas e reforzo Educativo por parte do profesorado das diferentes materias, seguindo os protocolos de Educonvives.

Na etapa do Bacharelato seguiranse os diferentes protocolos ANEAE con alumnado diagnosticado de TDAH (2), Hipoacusia e altas Capacidades.